

**ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
VIGO**

Persoal, oposicións

*ADXUDICACIÓN DA PROVISIÓN TEMPORAL DO POSTO DE
TRABALLO DE XEFE/A DO SERVIZO ADMINISTRATIVO E
CONTROL ORZAMENTARIO, NA ÁREA DE FOMENTO E SERVIZOS
(EXPTE. 41451/220)*

ANUNCIO

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, o 25 de marzo de 2024, adoptou a seguinte resolución:

“PRIMEIRO.— Resolver a convocatoria para a provisión temporal en réxime de comisión de servizos do posto de traballo vacante, “Xefe/a do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e Servizos”, coas características seguintes segundo a Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo:

- denominación: “Xefe/a do Servizo Administrativo e Control Orzamentario”
- relación emprego: funcionario
- referencia posto: Cod 336
- subgrupo de titulación: A1/A2
- nivel de CD: 26
- nivel de CE: 640
- importe anual CE: 27.975,36 euros
- tipo: Singularizado.
- escala: AG/AE
- subescala: ST-CE-TS- TM CE
- titulación requirida: 1-2
- FP: Concurso Especifico

DILIGENCIA: Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.

Vigo, 17-04-2024
El Secretario General
P.A.

El Jefe del Registro General.

Jose Manuel González Ucha



SEGUNDO.— Nomear con cargo ao posto de traballo de “Xefe/a do Servizo Administrativo e Control Orzamentario” a D. O. Couce Senra, con DNI nº **67783**; en base ao informe de idoneidade da Área de Fomento e Servizos de data 20/02/24, sendo a duración da comisión de servizos a estritamente necesaria e atópase directamente vinculada á correspondente convocatoria de provisión definitiva dos postos de traballo A1 e A2. A cobertura provisional en comisión de servizos rematará unha vez resolta a respectiva convocatoria na que se atopa



Martes, 9 de abril de 2024

Núm. 69

incluído o posto, e en todo caso dentro do prazo legalmente establecido de un ano prorrogable por outro nos termos do marco normativo de aplicación.

TERCEIRO.— A presente comisión terá efectos administrativos e económicos dende o día seguinte á notificación da resolución, ata a provisión definitiva do posto de traballo segundo o exposto nos antecedentes da presente proposta. Ditos efectos serán os estritamente necesarios e atoparanse directamente vinculados á finalización da respectiva convocatoria de provisión definitiva do posto de traballo mediante o procedemento de concurso específico, rematando unha vez resolta a execución da convocatoria na que necesariamente deberá ser incluído o posto, e en todo caso dentro do prazo legalmente establecido, nos termos do marco normativo de aplicación dun ano prorrogable por outro.

CUARTO.— Notificar a presente ao funcionario nomeado D. O. Couce Senra e ás/aos restantes solicitantes do posto de traballo cuxa provisión se oferta, á Área de Fomento e Servizos; ao persoal técnico e grupo dous da Área de RR.HH e Formación, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Secretaría Xeral (Pleno e Xunta de Goberno Local) e Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos.

QUINTO.— Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para coñecemento, ordenando a publicación da resolución da convocatoria na Intranet municipal, Taboleiro de anuncios e edictos e boletíns para público coñecemento do persoal municipal e da representación sindical.

Contra a presente resolución, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.”

/ALP

Vigo, data da sinatura electrónica

A Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación.— María Dapena Gómez.

Conforme:

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023).— María Olga Alonso Suárez.

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).— Patricia Rodríguez Calviño.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:0K40WYB07CA20JD0

